

Convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a entidade mercantil Faragulla empresarial S.L., en materia de formación profesional dual.

Santiago de Compostela, vinte e sete de febreiro de dous mil dezanove

REUNIDOS

Dunha parte, dona Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra don _____, representante da entidade mercantil Faragulla empresarial S.L., en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data ____ de _____ de ____ e número de protocolo ____.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que o día 20 de febreiro asinouse o Convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as empresas Hotusa Hotel, S.A. e Restel, S.A., para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

2º. Que o obxecto deste convenio é establecer a participación da entidade mercantil Faragulla empresarial S.L., no anterior convenio.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Que a mercantil Faragulla empresarial S.L. acepta as condicións e as cláusulas establecidas no convenio asinado o día 20 de febreiro entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as empresas Hotusa Hotel, S.A. e Restel, S.A., para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Segunda. A entidade mercantil Faragulla empresarial S.L. comprométese a acoller nas súas instalacións a 2 alumnos e alumnas.

Terceira. Amplíase a comisión de seguimento, control e supervisión, establecida no convenio asinado o día 20 de febreiro entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as empresas Hotusa Hotel, S.A. e Restel, S.A., cun representante para a entidade mercantil Faragulla empresarial S.L.

Cuarta. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Quinta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, a empresa comprométese a respectar o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.



**A conselleira de Educación, Universidade
e Formación Profesional**

**O representante da entidade mercantil
Faragulla empresarial S.L.**

Asdo.: Carmen Pomar Tojo

Asdo.: _____